

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Presidencia

Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle, como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, o fomento e a planificación da súa actividade económica. Nese marco e para o logro do desenvolvemento económico e social de Galicia considérase necesario o mellor aproveitamento de recursos económicos da rexión, para favorecer a modernización da economía, potencia-lo desenvolvemento tecnolóxico e contribuír á xeración de emprego e a eleva-lo benestar da sociedade galega.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten recoñecida, así mesmo, a competencia para a creación e xestión dun sector público rexional. Para a súa consecución eficaz, na actualidade requírense fórmulas como a que agora se establece, que combinen a necesaria axilidade e rapidez esixidas pola dinámica económica e social cos criterios de rigor, responsabilidade e control esixibles á autoridade pública.

Galicia coñeceu nos últimos anos unha apreciable transformación das súas estruturas económicas e sociais que puxo de relevo a súa capacidade para afrontar circunstancias adversas, e tamén a necesidade de dota-la Comunidade Autónoma dun instrumento que permita o máximo desenvolvemento da actividade económica.

Por iso considérase conveniente a creación do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), como ente de dereito público que, concentrando a iniciativa e os programas de promoción e fomento do desenvolvemento rexional, e en cooperación coas administracións comunitaria, central do Estado, autonómica e local e con outros entes públicos de promoción, contribúa á dinamización da economía de Galicia, impulsando a capacidade de innovación, a explotación das vantaxes propias e dos factores endóxenos, a atracción de investimentos, a competitividade da economía e o conxunto de actuacións de asesoramento, promoción, información e apoio que esixa o cumprimento dos seus obxectivos.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Título I

Natureza, fins e funcións

Artigo 1

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e ó amparo do seu Estatuto de autonomía, créase o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), como ente de dereito público con personalidade xurídica propia e patrimonio de seu. Nos casos nos que así proceda, a súa actividade estará suxeita á Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia e ás demais normas de aplicación.

Nas súas relacións externas, na administración patrimonial e na contratación, o IGAPE estará suxeito ó dereito privado.

Artigo 2

O IGAPE adscribíase á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Artigo 3

O IGAPE créase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsa-lo desenvolvemento competitivo do sistema productivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.

A súa acción incidirá tanto no sistema productivo como na mellora dos procesos de produción, xestión e comercialización.

Artigo 4

Son funcións do IGAPE:

- a) Potencia-las actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado das distintas comarcas.
 - b) Promove-la creación de empresas nos distintos sectores da actividade económica que teñan maior impacto e vantaxes comparativas para o desenvolvemento da economía galega.
 - c) Promover actividades creadoras de emprego e as que utilicen máis racionalmente recursos internos.
 - ch) Favorece-la modernización e a innovación tecnolóxica e organizativa das empresas galegas, en particular das pequenas e medianas.
 - d) Fomenta-la prestación de serviciós a empresas, especialmente ás pequenas e medianas, promovendo sociedades de serviciós.
 - e) Fomenta-lo desenvolvemento da relación científica e tecnolóxica entre os centros universitarios, técnicos e de investigación e as empresas productivas. Potencia-lo desenvolvemento de parques tecnolóxicos que materialicen esta relación.
 - f) Promover accións de divulgación dos instrumentos e fondos dos que dispoñen as administracións públicas españolas e a Comisión das Comunidades Europeas para apoio ás actividades económicas.
 - g) Proporcionar información sobre os mercados e favorece-lo desenvolvemento das exportacións e dos acordos con empresas estranxeiras.
 - h) Impulsa-la realización de estudos que promovan o desenvolvemento económico de Galicia.
 - i) Divulga-los fins e as actividades que xustifican a súa creación entre os distintos sectores económicos e axentes sociais.
- I) Promover, fomentar e potenciar actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado tanto en termos sectoriais coma territoriais.
 - II) Creación dun fondo de documentación básica para a promoción económica.
 - m) En xeral, apoiar e promover calquera tipo de actividades que contribúan á mellora do sistema produc-

tivo de Galicia, especialmente as de maior importancia estratéxica.

Artigo 5

Coa finalidade de apoiar e promove-las accións que favorezan o desenvolvemento económico de Galicia, o IGAPE poderá realizar toda clase de actividades económicas e financeiras, sen máis limitación có disposto nesta lei e nas disposicións que lle sexan aplicables.

En particular, poderá constituír sociedades mercantís ou participar en sociedades xa constituídas, ou en fundacións que contribúan ó logro dos fins do IGAPE, sendo preceptivo nestes casos o importe do Consello Asesor a que se refire o artigo 13 desta lei.

Tamén poderá obter subvencións e garantías da Xunta de Galicia e doutras entidades e institucións comunitarias, estatais, autonómicas e locais.

Así mesmo, poderá promover e establecer acordos de todo tipo con empresas, organismos, institucións, asociacións e expertos que poidan contribuír ó logro dos seus fins e funcións.

Artigo 6

O IGAPE poderá participar en sociedades establecidas fóra do territorio de Galicia cando respondan a procesos de expansión de empresas galegas. Neste caso a decisión da participación deberá contar co acordo do Consello da Xunta.

Título II Organización

Artigo 7

Os órganos de goberno do IGAPE serán o Consello de Dirección, o presidente e mailo director.

Ademais, o IGAPE contará cun Consello Asesor.

Artigo 8

O Consello de Dirección, órgano colexiado de goberno, estará formado por un mínimo de cinco membros e un máximo de nove. Correspóndelle ó Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, o seu nomeamento e a súa destitución.

O Consello de Dirección estará composto por membros do Goberno e da Administración autonómica e presidirao o presidente do IGAPE ou a persoa en quen delegue.

O Consello de Dirección nomeará un secretario, que actuará con voz pero sen voto.

Determinarase regulamentariamente a estrutura do dito órgano.

Artigo 9

Correspóndelle ó Consello de Dirección exercer, sen máis limitacións cás establecidas polas leis, tódalas facultades e funcións que sexan precisas para acadalos fins do IGAPE. En especial:

a) Orienta-la actuación do IGAPE, dentro das liñas marcadas pola Xunta de Galicia.

b) Decidir sobre tódalas cuestións relacionadas coa organización, co funcionamento e coas operacións que

ten que realiza-lo IGAPE, sen prexuício das facultades e funcións delegadas e atribuídas por esta lei ó director.

c) Aproba-lo anteproxecto de presuposto, que lle será remitido á Consellería de Economía e Facenda para ser incluído no proxecto de presuposto xeral da Comunidade Autónoma.

ch) Acorda-la celebración de contratos e convenios que concerte o Instituto.

d) Decidir sobre os asuntos que lle someta o presidente.

e) Aproba-la memoria anual, o balance e maila conta de perdas e ganancias, que lle serán remitidos ó Consello de Contas.

Artigo 10

1.—O Consello de Dirección reunirse, como mínimo, catro veces no ano.

2.—O Consello de Dirección poderá delegar no presidente calquera función específica.

Artigo 11

O presidente do IGAPE será, por razón do seu cargo, o conselleiro de Economía e Facenda.

O presidente desempeñará a representación do IGAPE en toda clase de actos ou negocios xurídicos e exercerá no seu nome accións e recursos.

Correspóndelle ademais ó presidente:

a) Ordena-la convocatoria do Consello, fixa-la orde do día e presidi-las sesións do mesmo.

b) Velar polo cumprimento das directrices de actuación marcadas pola Xunta de Galicia.

c) Propoñe-la adopción das disposicións regulamentarias necesarias para a organización e o funcionamento do IGAPE.

O presidente poderá delegar no director calquera función específica.

Artigo 12

O director do IGAPE será nomeado e, se é o caso, destituído polo Consello de Dirección, por proposta do seu presidente, e o seu cargo será incompatible con calquera actividade pública ou privada, nos termos previstos na lexislación vixente.

Correspóndelle ó director:

a) Darlles cumprimento ós acordos do Consello de Dirección.

b) Propoñe-las liñas estratéxicas de actuación do IGAPE, o programa anual de actividades e o anteproxecto de presupostos.

c) Xestiona-lo IGAPE e render contas da xestión perante o Consello de Dirección e elabora-la memoria anual, o balance e maila conta de perdas e ganancias.

ch) Exerce-la dirección administrativa e de persoal.

d) Coordinar, inspeccionar e controla-lo funcionamento dos servizos e das dependencias.

e) Representa-lo Instituto nas sociedades participadas polo mesmo.

f) As funcións que lle sexan delegadas polo presidente ou polo Consello de Dirección.

Artigo 13

Para o mellor exercicio das competencias dos órganos ós que se refiren os artigos anteriores, créase o Consello Asesor como órgano de consulta e asesoramento, que se reunirá como mínimo unha vez cada semestre.

Terá ó seu cargo as seguintes funcións:

a) Asesora-lo Consello de Dirección na elaboración do plan trianual, antes da súa aprobación polos órganos rectores do Instituto.

b) Promover e impulsar tódalas actividades que faciliten o cumprimento dos fins do IGAPE.

c) Informar e asesora-lo Consello de Dirección de todos cantos asuntos lle encomenden.

O Consello Asesor estará composto por representantes da Administración Autónoma, das organizacións empresariais e sindicais, das universidades e dos centros de investigación, e doutras institucións e personalidades destacadas pola súa actividade económica ou profesional.

O número de membros e o seu funcionamento determinárase regulamentariamente.

Título III

Recursos, réxime económico, persoal e control

Artigo 14

Os recursos do IGAPE estarán formados por:

1.—As consignacións presupostarias que lle sexan asignadas nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.—Os ingresos que poida percibir pola prestación dos servicios.

3.—As subvencións ou achegas voluntarias de entidades e institucións públicas ou privadas, así como de particulares.

4.—As rendas e os produtos que xeren os bens e valores que constitúen o patrimonio do IGAPE.

5.—Os créditos, préstamos e demais operacións financeiras que concerte.

6.—Calquera outro recurso que se lle puidese atribuír.

Artigo 15

O IGAPE elaborará anualmente un programa de actividades no que figuren os obxectivos anuais, as accións económicas e de promoción, os investimentos previstos e a súa avaliación económica.

Este programa inscribírase noutro trianual no que se reflectan as directrices estratéxicas do IGAPE.

Artigo 16

O réxime financeiro, contable e presupostario axustarase ás normas que para sociedades e entidades de capital público se conteñen na Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia.

Artigo 17

O persoal do IGAPE poderá ser:

—Contratado en réxime de dereito laboral, respectando os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

—Funcionario ó servicio da Administración da Xunta de Galicia, adscrito a esta entidade.

Baixo a dirección e supervisión do director e mais do presidente, definirase a súa estrutura e dotarase de persoal suficiente.

Pertencer ó Consello de Dirección ou ó Consello Asesor non xerará en ningún caso dereitos laborais.

Artigo 18

O control de eficacia será exercido pola Consellería de Economía e Facenda, baseándose na comprobación do cumprimento dos obxectivos fixados no plan estratéxico trianual e nos respectivos plans anuais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O Parlamento de Galicia deberá autorizar, mediante lei, a transformación, modificación, liquidación ou extinción do IGAPE. A Comunidade Autónoma de Galicia farase cargo nestes casos do conxunto de dereitos e obrigas derivados do proceso.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A consignación inicial do IGAPE estará constituída por unha dotación de dous mil millóns de pesetas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

Autorízase ó Consello da Xunta de Galicia para que, unha vez constituídos os órganos de goberno e por proposta do Consello de Dirección, a iniciativa do conselleiro de Economía e Facenda, aprrobe a asignación ás correspondentes contas dos estados presupostarios da dotación global de dous mil millóns de pesetas a que se refire a disposición adicional segunda, conforme o preceptuado pola Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia.

Os estados elaborados pasarán a formar parte do conxunto de presupostos de empresas públicas, dentro do presuposto xeral da Comunidade Autónoma de cada exercicio.

Das actuacións anteriores daráselle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA

Autorízase ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, para que dicte tódalas disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei, dentro dos seis meses seguintes á súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA

Esta lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 1992.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Consellería de Sanidade

Orde do 8 de xuño de 1992 pola que se crea a Oficina de Coordinación de Transplantes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde acordou, na súa reunión do día 26 de marzo de 1990, implantar en tódalas comunidades autónomas a figura do coordinador de transplantes.

Doutra banda, a crecente importancia que no ámbito sanitario teñen os programas de transplantes, co impacto social e sanitario que iso leva consigo, fai cada vez máis necesario dispoñer dunha infraestrutura organizativa que realice o labor de conexión entre os órganos de decisión e xestión da Consellería de Sanidade e os profesionais vinculados a esta actividade, co obxectivo básico de concienciar e potenciar, na Comunidade Autónoma de Galicia, a doazón e extracción de órganos, así como efectuar o seguimento e avaliación do conxunto da actividade transplantadora.

Na súa virtude, no uso das atribucións que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:**Artigo 1º**

Créase, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Oficina de Coordinación de Transplantes, que, como unidade administrativa, depende orgánica e funcionalmente do director xeral do Servicio Galego de Saúde.

Artigo 2º

A Oficina de Coordinación de Trasplantes terá as seguintes funcións:

a) Representar, en todo o concernente ós programas de transplantes, a Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, actuando en defensa dos seus intereses.

b) Intervir cos distintos responsables dos programas de transplantes e cos coordinadores hospitalarios para potenciar tódalas actuacións tendentes a mellora-lo funcionamento destas actividades, e de maneira moi especial as dirixidas á consecución de doazóns.

c) Emitir los informes pertinentes sobre propostas de acreditación de programas de transplantes, implantes de tecidos e extraccións de órganos e tecidos, para o que poderá solicitarlo asesoramento dos xefes do servizo e dos responsables dos programas.

d) Actuar de interlocutor coas representacións cidadás, medios de comunicación e asociacións de enfermos incluídos nos diferentes programas.

e) Todas aquelas que, no desenvolvemento da súa actividade, lle sexan atribuídas polo director xeral do Servicio Galego de Saúde.

Artigo 3º

Á fronte da Oficina de Coordinación de Transplantes existirá un responsable - director que será nomeado polo conselleiro de Sanidade por proposta do director xeral do Servicio Galego de Saúde.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A creación da unidade administrativa que é realizada pola presente orde non comporta incremento do gasto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Quedan derogadas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ó disposto na presente orde que entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 1992.

José Manuel Romay Beccaría
Conselleiro de Sanidade

II. AUTORIDADES E PERSOAL

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

Nomeamentos:

Orde do 25 de xuño de 1992 pola que se designa o presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe «Ribeiro».

Celebradas as eleccións e ultimado o proceso constitutivo do novo Consello Regulador da Denominación de Orixe «Ribeiro» e segundo o disposto no artigo 34 da orde do 24 de marzo de 1992 desta consellería, vista a proposta do Consello electo en pleno e segundo as atribucións que teño conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e polo Decreto 205/1990, do 15 de febreiro,

DISPOÑO:

Artigo único.—

Designase presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe «Ribeiro» a don Antonio Lorenzo Rodríguez, candidato que obtivo o maior número de votos emitidos.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 1992.

Tomás Pérez Vidal
Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes